

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 17-18

CON PROGRAMA DE MEDIACIÓN
(talleres e unidades didácticas asociadas)

PARA CENTROS DE ENSINO

SALA MOZART (Auditorio de Galicia) ás 10 e ás 12 h.

Luns **18 DECEMBRO**

Música con pelis: Aprendendo a escoitar o cine!

Luns **29 XANEIRO**

Viaxe arredor do mundo.

Luns **26 FEBREIRO**


Libres e diversos.

Luns **19 MARZO**

Elas Bravas!

Luns **16 ABRIL**

Vemos moitas máis cousas que pelis.



Deputación
DA CORUÑA


“C”



CONCELLO DE
SANTIAGO

UNIDADE DIDÁCTICA VIAXE ARREDOR DO MUNDO

Luns 29 de xaneiro, 10 e 12 h. Sala Mozart (Auditorio de Galicia)
Alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria.



INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2017-2018

A sesión VIAXE ARREDOR DO MUNDO, dirixida a alumnado de 3º e 4º cursos de Ed. Primaria e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 2ª das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 2º curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos [as sesións de cine](#), é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:


- [Presentación dos contidos](#).

- [Exhibición dos contidos](#).

- [Actividades sobre as pezas exhibidas](#) como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión VIAXE ARREDOR DO MUNDO terá lugar o luns 29 de xaneiro.

Por outra banda están [as accións de mediación](#) como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:



.- **temáticos** (que é o que imos ver? que conta a historia?)

.- **de contextualización** (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

.- **técnicos** (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)


Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 2ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na esolla dos contidos e implementación do programa.



INFORMACIÓN SOBRE A 2ª SESIÓN: VIAXE ARREDOR DO MUNDO.



Que nos imos atopar nesta 2ª sesión VIAXE ARREDOR DO MUNDO?

Para a 2ª sesión propoñemos unha viaxe arredor do mundo, un repaso por contidos pertencentes a diversos sistemas culturais, localizacións xeográficas e tradicións artísticas. Esta “viaxe” terá unha dobre traxectoria: por unha banda o coñecemento a nivel puramente artístico e de creación de contidos doutras latitudes, e por outra a análise social e cultural que podemos levar a cabo a través do visionado deles. Ademais de ver “pelis” doutros países, coñeceremos tamén a mozos e mozas destes lugares cos que o alumnado poderá contrastar o que viron na pantalla.

Como en sesións anteriores, neste programa non pretendemos só que o alumnado acceda como espectadores e espectadoras pasivos a estes contidos, senón facer dos nenos e nenas público activo e con criterio, polo que antes do visionado haberá unha presentación dos contidos que imos ver e despois do mesmo unha sesión de cinefórum infantil guiada polo mediador do programa, na que poñeremos en común opinións sobre as pezas, así como afianzaremos algúns dos piares temáticos e técnicos dos contidos que acabamos de ver.



Que contidos específicos veremos en VIAXE ARREDOR DO MUNDO?

Esta 2ª sesión temática da proposta neste curso 2017-2018 será variada en contidos e temáticas, contando finalmente con 8 pezas audiovisuais de diversas nacionalidades e que mostran realidades sociais e culturais doutros tantos territorios arredor do mundo. Serán 7 curtametraxes e unha escena dunha longametraxe dun clásico da animación.

A continuación desglosamos os contidos desta sesión:



Título: MICKEY, APRENDIZ DE MAGO (secuencia do filme FANTASÍA)

País: EUA (Estados Unidos de América)

Ano: 1940.

Duración: 09:19 min.

Dirección: VVDD (varios directores)

Sinopse: Nesta secuencia da longametraxe FANTASÍA o personaxe máis clásico e recoñecible creado por Walt Disney convertese nun aprendiz de mago cunhas consecuencias máis que desastrosas, nunha peza audiovisual na que a relación entre música e imaxe é fundamental.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS... Á IDADE MEDIA.



Título: FORWARD, MARCH! (Adiante, en marcha!)

País: Francia.

Ano: 2013.

Duración: 04:35 min.

Dirección: Pierrick Barbin.

Sinopse: Nesta curtametraxe un grupo de soldados da Garda Real británica, perfectamente entrenados para a súa tarefa e seguindo as máis estrictas costumes dese país, verán como un misterioso personaxe peludo enche de loucura a súa xornada, nunha peripecia na que veremos moitos elementos dos que aprender do lugar onde acontece a historia.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... LONDRES.



Título: AN ODE TO LOVE (Unha oda ao amor)

País: Irlanda.


Ano: 2014.

Duración: 07:34 min.

Dirección: Mathew Darragh.

Sinopse: Un naufrago nunha illa deserta. Nada que facer. Ninguén con quen falar. De súpeto, o protagonista da historia atopa





un obxecto que, a falta dun amigo ou amiga, converterase no seu mellor compañeiro de xogos.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... UNHA ILLA DESERTA.

Título: ADUMU.

País: Canadá.

Ano: 2009.

Duración: 03:10 min.

Dirección: Adam Temple.

Sinopse: En ADUMU un neno soldado descobre o verdadeiro significado de ser un adulto, a través dun encontro cun guerreiro Masai e un león, que lle ensinarán que as armas máis poderosas para afrontar a vida están en nós.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... ÁFRICA.



Título: MARIZA (Mariza, a burra teimuda)

País: Australia.

Ano: 2008.

Duración: 04:35 min.

Dirección: Constantine Krystallis.

Sinopse: Cando un vello pescador tenta convencer á súa burra de subir toda a estrada ata o alto da illa grega na que viven, dase conta de que Mariza é unha burra teimuda, que non fará tan doadamente un traballo tan pesado. Pero o pescador sabe que ninguén se pode resistir ao encanto da música e o baile de Zorba.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... GRECIA.



Título: LES PYRAMIDES D'ÉGYPTE (As pirámides de Exipto)

País: Francia.

Ano: 2016.

Duración: 03:36 min.

Dirección: Corentine Charron e Lise Corriol.

Sinopse: O Cairo, 1920. En plena época





dos grandes descubrimentos e tesouros da exiptoloxía un arqueólogo está a piques de descubrir o segredo das pirámides de Exipto e da famosa esfínxe, coa axuda dun axudante animal que coñece moi ben ese territorio. E se os exipcios eran máis tecnolóxicos do que todos nós pensabamos?

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... EXIPTO.

Título: FAT (Graxa)

País: Francia.

Ano: 2011.

Duración: 05:47 min.

Dirección: Gary Fouchy.

Sinopse: Nunha tranquila granxa nalgún lugar do campo dos Estados Unidos comezan a pasar cousas moi extrañas: os animais, primeiro, e despois as persoas e os obxectos comezan a engordar dunha forma moi especial, inchándose de súpeto e converténdose en habitantes deste pequeno mundo no que, como di o título, hai moita graxa...

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... ESTADOS UNIDOS.



Título: HEZARFEN

País: Francia.

Ano: 2011.


Duración: 03:20 min.

Dirección: Tolga Ari.

Sinopse: Hezarfen é un personaxe histórico turco. En Estambul, no ano 1632, este inventor intrépido e aventureiro tentou converterse na primeira persoa en voar, a través dunha estrutura construída por el mesmo. Nesta curtametraxe veremos aquel intento, e poderemos desfrutar tamén dun petisco de Turquía, cos seus traxes típicos, o seu bazar e as aventuras de Hezârfen Ahmed Çelebi.

CON ESTA PEZA VIAXAREMOS A... TURQUÍA






Como será a organización da sesión VIAXE ARREDOR DO MUNDO?

A estrutura da actividade do luns 29 de xaneiro será como segue:

<h3>VIAXE ARREDOR DO MUNDO</h3>	
<p>INTRODUCCIÓN (5 min.)</p>	<p>Presentación da actividade e diálogo inicial cos nenos e nenas asistentes. Repaso rápido dos contidos vistos no taller previo en cada centro e recordatorio das pezas audiovisuais que imos ver.</p>
<p>PROYECCIÓN (40 min. aprox.)</p>	<p>Proxección dos contidos que compoñen a sesión (explicados máis arriba): 7 curtametraxes e unha secuencia dunha longametraxe de animación.</p>
<p>ROLDA DE PREGUNTAS / DEBATE: CINEFÓRUM INFANTIL (20 min. aprox.)</p>	<p>A actividade post-proxección terá formato de cinefórum infantil, e comezará cunha rolda de preguntas xerais sobre que lles pareceron os contidos, na que iremos focalizando a nosa atención nalgúns dos contidos temáticos máis importantes das distintas pezas visionadas, así como incidiremos nalgúns das distincións básicas de análise fílmica, xa vistas tamén no taller previo, por exemplo, a existencia, uso e funcións dos <i>storyboards</i>.</p> <p>Ademais, no cinefórum estaremos acompañados por 2 persoas convidadas, orixinarias dos países nos que se desenvolven algunhas das curtametraxes, ás que os nenos/as poderán preguntar e que nos explicarán algunhas das características da súa cultura que vimos reflectidas na pantalla.</p>



PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.



TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas polo mediador, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

ACTIVIDADE 1. VIAXANDO ARREDOR DO MUNDO CO AUDIOVISUAL: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN. (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión do luns 29 de xaneiro.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión.
- ◆ Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analizalas todos xuntos no cinefórum despois da proxección.


ACTIVIDADE 2. APRENDENDO DO CINE DE ANIMACIÓN: AS DISTINTAS TÉCNICAS. (15 minutos aprox.)

Na segunda parte do taller aprenderemos algunhas das técnicas que se utilizan no cine de animación (debuxos animados, *stop motion*...) e veremos algúns exemplos de cada unha delas.




ACTIVIDADE 3. FACENDO DEBUXOS ANIMADOS: CREACIÓN DUN STORYBOARD. (20 minutos aprox.)

Na última parte do taller, práctica e participativa, o alumnado aprenderá unha das claves para a planificación audiovisual, moi importante nos contidos de animación: a **confección e estruturación do chamado “guión gráfico” ou “storyboard”**, a través do cal o director/a do filme plasma a súa visión dos distintos planos e secuencias e os seus contidos, que despois se verá reflectida no resultado final.



Exemplo dun storyboard dun filme de animación.

Valerémonos dunha das curtametraxes que imos ver, **AS PIRÁMIDES DE EXIPTO**, para que, aínda sen coñecer aínda a historia, **os nenos e nenas imaxinen a continuación da curta despois de visionar os primeiros 45 segundos da mesma**. Cada alumno/a contará



con 5 minutos de tempo para imaxinar nunha **plantilla de storyboard en branco** que pasará despois cos personaxes que acaba de ver en pantalla.



ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN VIAXE ARREDOR DO MUNDO.

Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á proxección da sesión VIAXE ARREDOR DO MUNDO.

ACTIVIDADE 1. SOBRE COMO VIAXAR MENTRES VEMOS PELÍCULAS.


Nesta sesión propoñemos facer unha viaxe polo mundo a través das historias que vemos na pantalla.

PREGUNTA!

Elix 2 películas ou series de TV que che gusten moito e busca, con axuda da/do profe, o país onde foron producidas. Podes buscar, por exemplo, nesta páxina web:

<https://www.filmaffinity.com/es/main.html>

Unha vez descubertos estes países, serías capaz de indicalos no mapa? Debes colorealos tamén! Viaxar polo mapa do mundo a través das películas que che gustan?




ACTIVIDADE 2. SOBRE A CURTAMETRAXE ADUMU.

Na curtametraxe ADUMU coñecemos a un rapaz que ten que enfrontarse a un león. Finalmente será un membro dunha tribu local o que o axudará.

PREGUNTA!

Tes idea que a que tribu pertencía este personaxe? Se a resposta é non, podemos xogar ao “xogo do aforcado” para descubrir o nome desta tribu.



O NOME DA TRIBU É:

INVESTIGA AGORA!

Busca, coa axuda do profesor/a, información na rede sobre esta tribu e as súas costumes, en que países viven e (moi importante!) que significa e a que se refire a palabra “adumu”. Debes escribir na seguinte táboa un pequeno texto sobre a túa investigación.



Como definiríades a conducta dos dous personaxes principais da curtametraxe?
Relaciona ao personaxe co seu tipo de conducta na historia:

O RAPAZ

O MEMBRO DA TRIBU

Violento

Maleducado


Tranquilo

Respectuoso coa natureza

Nervioso

Non vengativo

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 17-18



Os nenos e as nenas iso deben ser...

Nesta curta atopámonos un rapaz moi novo, case un neno, que conduce unha moto e leva un arma.

Pregunta: Parécevos que isto é correcto? Si? Non? Por que?

Nalgúns países de África existe o fenómeno dos nenos-soldado, rapaces de moi curta idade que son obrigados a tomar parte na guerra.

Que vos parece isto? Entendedes agora por que o personaxe do rapaz se comporta así?

NOTA PARA OS/AS DOCENTES: A tribu á que pertence o personaxe é a tribu MASAI, e a palabra ADUMU refírese ao baile típico desta tribu, parte das chamadas xenericamente "danzas africanas".

ACTIVIDADE 3. SOBRE A CURTAMETRAXE FORWARD MARCH! (Adiante, en marcha!)

Esta curtametraxe ten lugar en Londres, a capital do Reino Unido.

Algún ou algunha de vós estivo alí? Cando e con quen? Que foi o que máis che gustou? Comparte cos teus compañeiros e compañeiras esa experiencia.

PREGUNTA!

Saberías nomear cada un destes monumentos da cidade de Londres?

BIG BEN	TORRE DE LONDRES	PALACIO DE BUCKINGHAM
HYDE PARK	LONDON EYE	CATEDRAL DE SAN PABLO

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 17-18



“C”






ACTIVIDADE 4. SOBRE OS TERMOS E CONCEPTOS QUE IMOS APRENDENDO.

Tentemos agora lembrar algúns dos termos e conceptos que aprendimos durante a sesión. Busca nesta sopa de letras 6 palabras relacionadas co cine das que falamos nestes días.

GUIÓN	DEBUXOS	STORYBOARD
ANIMACIÓN	CURTAMETRAXE	STOPMOTION







Lembras que era cada cousa?

Coloca a palabra correcta no cadro da esquerda, tendo en conta a imaxe ao seu carón.

QUE É ISTO?




E ISTO?



A QUE TIPO DE PELÍCULA CORRESPONDE?





ACTIVIDADE 5. SOBRE A CURTAMETRAXE FAT (Graxa)

Volvamos ver a curtametraxe FAT (Graxa), podemos facelo no seguinte enlace:

<https://vimeo.com/26941134>

Imaxinemos que contamos esta historia como se fose un conto. Podería comezar, por exemplo, así:

Érase unha vez unha pequena granxa no medio do campo, con moitas vacas e un ambiente tranquilo. Na granxa vivía un can chamado George, ao que lle encantaba cheirar e rillar nos ósos. Por suposto, había galiñas tamén, e un galo, e o dono da granxa era un tipo de pinta bastante amable, gordecho e coa barba pechada.

Valéndote da plantilla que adxuntamos ao final deste documento, e unha vez que xa sabemos que é un *storyboard* e as indicacións necesarias para elaborar un, crea un guión gráfico do comezo desta historia, como se foras ti o director ou directora desta película. **CÉNTRATE SÓ NA PARTE QUE ACABAMOS DE DESCRIBIR AQUÍ.** Podes fotocopiar a plantilla para ter máis posibilidades de planos.

ACTIVIDADE 6. SOBRE A CURTAMETRAXE AN ODE TO LOVE (Unha oda ao amor)


Nesta historia aparece un home náufrago que, canso e aburrido de estar só, decide que o seu novo e único amigo na illa deserta é un pau.

Volvamos ver esta curtametraxe, e analicemos distintos aspectos dela. Podemos facelo aquí:

<https://vimeo.com/228965265>



◆ **TRABALLO EN GRUPO.** En grupos de 4 ou 5 nenos e nenas tentemos definir o que é a amizade. Cada grupo terá que elixir 5 palabras que estean relacionadas coa amizade, por exemplo cariño, confianza ou diversión.



Un portavoz/a de cada grupo sairá á pizarra a escribir os 5 termos elixidos polo seu grupo, de forma que haberá 5 columnas con termos sobre a amizade.

As palabras que coincidan borrarémolas e irán a parar a unha columna central, onde entre toda a clase teremos que atopar, colaborando, 5 palabras que definan para nós o que é a amizade, quen é un bo amigo/a. Será un traballo en grupo, no que ao final da dinámica só quedarán 5 palabras na columna central.

- ◆ **TRABALLO INDIVIDUAL.** Unha vez atopadas, entre todos os compañeiros/as da clase, as 5 palabras que mellor definen o que é a amizade para nós, cada neno/a terá que escribir unha pequena redacción sobre o tema de non máis de 6 liñas, onde aparezan os 5 termos que entre toda a clase eliximos.

REFLEXIONA!

Consideraste un bo amigo/a?

Tratas aos teus amigos/as segundo as palabras e conceptos que eliximos entre toda a clase?


Cres que poderías mellorar a túa forma de tratar aos teus amigos/as?

Cal cres que foi o fallo do protagonista desta curtametraxe? Tratou ben ao seu amigo-pau?

ACTIVIDADE 7. SOBRE A CURTAMETRAXE LES PYRAMIDES D'ÉGYPTE (As pirámides de Exipto)

Esta historia ten lugar na cidade do Cairo, capital de Exipto, no ano 1920. A época dos anos 20 do século pasado foi moi importante para a exiptoloxía, pois foi un momento de grandes descubrimentos, dos que destaca un:

- Foi o sarcófago dun faraón.
- Este foi descuberto no ano 1922 polo arqueólogo británico Howard Carter.
- Permaneceu intacto e sen ser descuberto durante máis de 3.000 anos.




Xa sabes a que descubrimento nos referimos?


Se non é así, volvamos a xogar ao “xogo do aforcado”, a palabra ten 10 letras en total!

No Antigo Exipto a escritura era moi diferente á que nós coñecemos. No canto de letras para formar palabras, os/as habitantes daquela época tiñan a chamada **escritura xeroglífica**, formada por símbolos e debuxos.

Aquí tes un exemplo dun vocabulario xeroglífico.

Serías capaz de escribir o teu nome e apelidos como os antigos exipcios?





ALGÚNS MATERIAIS VISUAIS SOBRE AS PEZAS QUE COMPOÑEN A SESIÓN VIAXE ARREDOR DO MUNDO

A primeira etapa no proceso de realización dunha obra de animación audiovisual é a **PRE-PRODUCCIÓN**. Esta comeza sempre cuns primeiros conceptos, que son bosquexos de personaxes, situacións ou localizacións que pouco a pouco van conformando unha historia pechada, antes de traballar no guión ou na proposta de traballo / planificación.

A continuación mostramos algúns conceptos de 3 das curtametraxes que conforman esta sesión, así como unhas fichas para colorear de distintos personaxes das mesmas.



*Mickey, aprendiz de mago. Fragmento da película
Fantasía (varios directores, 1940)*

Dous conceptos do personaxe de Mickey nesta película, como aprendiz de mago:



Podes colorear agora o seguinte Mickey:






Fat / Graxa (Gary Fouchy, 2011)

Algúns conceptos da curtametraxe *Graxa*:



Mariza / Mariza, a burra teimuda (Constantine Krystallis, 2008)

Algúns conceptos da curtametraxe *Mariza, a burra teimuda*:




SET & PROP DESIGN

Mariza



CHARACTER DESIGN: MARIZA

Mariza



Unhas plantillas para colorear sobre a curtametraxe:




Mariza






Mariza





Mariza





STORYBOARD OU
GUIÓN GRÁFICO DUNHA PEZA AUDIOVISUAL



Escena:			Escena:			Escena:		
Escena:			Escena:			Escena:		
Escena:			Escena:			Escena:		

**DIDÁCTICOS
AUDIOVISUAIS 17-18**



“C”



CONTACTO:

Diego Vázquez Meizoso

Telf.: 646361471

Correo-e: didacticosaudiovisuais@gmail.com